



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP Campomaior - Ordes

Rúa Campomaior s/n  
15680 ORDES (A CORUÑA)  
881880 886 ceip.campomaior@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior

## **EDUCACIÓN FÍSICA**

### ***PROGRAMACIÓN ANUAL***

### ***PARA EDUCACIÓN PRIMARIA***

***2021-2022***

### ***CEIP CAMPOMAIOR- ORDES***

***Mestres:*** Carina Señarís Pombo

Pedro A. Fdez Couceiro.



## ÍNDICE

### 1- **Presentación-xustificación da programación.**

1.1.- **ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19.** Recursos, metodoloxía, avaliación/calificación... no caso de ensino non presencial e semipresencial.

### 2- **Características do Centro e da súa contorna.**

### 3- **A Educación Física na etapa de Primaria.**

3.1.- Obxectivos xerais.

3.2.- Bloques de Contidos

3.3.- Relación dos obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e Competencias clave de cada un dos cursos.

### 4.- **Avaliación**

4.1 - Funcións da avaliación.

4.2- Momentos avaliativos.

4.3 - Criterios de cualificación

4.4.- Instrumentos de avaliación.

### 5.- **Metodoloxía**

5.1.- Principios

5.2.- Pautas de actuación

5.3.- Atención á diversidade

### 6.- **Competencias clave**

### 7.- **Actividades.**

7.1.- Diseño de sesións



## 7.2.- Tratamento dos temas transversais

## 8.- Temporalización.

## 9.- Notificacións informativas e de recollida de datos.

## 10.- Normas da área de EF sobre o uso das instalacións, vestiarios, material deportivo... e outras normas adaptadas á situación derivada da crise sanitaria do Covid19.

### 1. PRESENTACIÓN-XUSTIFICACIÓN

Hoxe en día, ao falar de educación física, aínda a moita xente lle ven á cabeza o pensamento equivocado de que a nosa área é algo intrascendente ou simplemente lúdico, afastándoa do aspecto emocional, afectivo, social e especialmente do aspecto cognitivo.

Nos últimos tempos e como consecuencia da demanda social, pasouse a valorar un pouco máis a importancia da actividade física. Aínda así a separación entre o físico e o intelectual segue a oprimir, cando está totalmente demostrado que nas idades de crecemento e desenvolvemento, o aspecto psicomotriz é a base da formación integral da persoa.

Por outra banda, a área de Educación Física permite xustificar a súa inclusión no currículo apoiándose noutras áreas: conceptos como a lateralidade, adquisición de relacións topolóxicas básicas, estruturación do esquema corporal ou estruturación do ritmo comportan unha facilitación da aprendizaxe da lectoescritura. Ou en matemáticas, onde previamente á adquisición do



cálculo, trabállanse sucesións a través da execución axeitadamente ordeada no tempo de movementos coordinados.

Polo tanto, a Educación Física é unha materia fundamental dentro do Currículo na etapa Primaria, aportando elementos indispensables para a consecución dos obxectivos xerais da Etapa.

Nembargantes, e a pesares destas xustificacións, a riqueza da área de Educación Física fai que non sexa necesario desviar a súa importancia cara outras áreas.

A Educación Física contribuirá á consecución de diversos fins educativos na Etapa de Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas, mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas, lúdica e de movemento.

Nesta Etapa e tomando como eixes básicos da acción educativa nesta área o corpo e o movemento, tratarase de dotar aos alumnos/as do maior número de patróns motores posibles, realizando as aprendizaxes a través de situacións de xogo, que nestas idades contribúe á aprendizaxe espontánea dos nenos/as.

A ensinanza da Educación Física vai facilitar que cada alumno/a chegue a comprender o seu propio corpo e posibilidades, e a coñecer actividades físicas e deportivas, de xeito que, no futuro, poida escoller as máis axeitadas para o seu desenvolvemento persoal, axudándoo/a a adquirir coñecementos, destrezas, actitudes e hábitos que lle permitan mellorar as condicións de vida e saúde, gozando e valorando o movemento como medio de enriquecemento e pracer persoal e de relación cos demais.

### **1.1 ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19. Recursos, metodoloxía, avaliación/calificación... no caso de ensino non presencial.**

Ante o comezo dun segundo setembro atípico debemos seguir adoptando medidas no presente curso 2021-2022, entre outras: a composición e formación do Equipo Covid responsable, da aula Covid individual, do uso das máscaras a partir de 6



anos e recomendable en EI), de gardar a distancia social de metro e medio, de redistribución de horarios e espazos (entradas, saídas, recreos, ... mais, de que xeito evitar o contacto en horas e espazos comúns), de tomar a temperatura (no colexio ou na casa coa responsabilidade das familias na sinatura do documento oficial pertinente), de ocupar sempre os mesmos pupitres, cadeiras, preferiblemente, sen tocar material alleo), de ventilar, limpar e desinfectar a cotío... (por outra banda, no caso de ter que gardar corentena, os alumnos/as enfermos deben quedar na casa).

Seguindo o Protocolo de Adaptación ao contexto de covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 (06/07/21), e a Resolución Conxunto do 1 de setembro de 2021, pola que se aproba o mesmo, teremos en conta: os grupos de infantil e primaria serán grupos de convivencia estable, e se a transmisión do virus, dentro da localidade/concello onde se atopa o centro, é moi baixa, permitirase que os grupos de convivencia estable interaccionen con outros grupos do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.

Dependendo das circunstancias anteriormente citadas, prevese impartir **clases presenciais** aínda que dependendo da situación epidemiolóxica haxa que recurrir ás **clases telemáticas** (experiencia vivida no 3º trimestre do curso 2019/2020, ao longo do confinamento). Na análise e valoración do claustro no mes de xuño sobre as dificultades e problemas afrontados logo do parón das clases presenciais e o reto que supuxo aos docentes adaptarse ás clases online e ao uso de recursos informáticos axeitados (ordenador, tablet, móbil, conexión a internet, enderezo electrónico, plataformas virtuais, ...) En previsión do que suceda no curso 2021-2022, os mestres de Educación Física propoñemos as seguintes accións:

- Utilizar a aula virtual do centro como plataforma virtual común (previa formación do profesorado) para evitar sobrecargar o seguimento do alumnado aos titores/as.
- Usar a plataforma Webex (aplicación da Xunta de Galicia) para impartir clases telemáticas e videoconferencias no caso de ser necesario.
- Empregaremos outras Apps como Kahoots para avaliar contidos teóricos e videos realizados polo alumnado (nenos e nenas cuxos pais, nais ou titores



deron o consentimento á utilización da súa imaxe con fins didácticos) executando algunha proba física para avaliar contidos prácticos.

Vistos os resultados do curso pasado no que o 100% do alumnado resultou aprobado na área de Educación Física, incluso no caso de nenos con Adaptacións Curriculares por posuír Necesidades Específicas de Apoio Educativo debido a ter unha diversidade funcional importante, este curso non se plantexa aplicar ningún Plan de reforzo específico na presente materia.

Deste xeito, contemplando que a planificación do curso actual é excepcional, como a do curso pasado, e pode esixir o ensino non presencial, co que se contemplan como de uso preferente: os recursos dixitais (conexión a internet, manual dixital, ordenadores, tablets, móbiles...), o enderezo electrónico, as plataformas virtuais (a oficial facilitada pola Consellería) e o uso da aula virtual do centro a nivel interno (para o envío/recepción de apuntamentos, tarefas ou traballos do alumnado, a realización de cuestionarios/probas ou para a comunicación coas familias. En definitiva, o alumnado deberá ser quen de adquirir competencias tales como a dixital, a iniciativa e espírito emprendedor e a de aprender a aprender.

Respecto da **Metodoloxía**, seguiránse as orientacións básicas que figuran no apartado correspondente á programación de Educación Física. Pero, debemos destacar o peso de metodoloxías tradicionais e moi directivistas como o mando directo, a asignación de tarefas, tarefas definidas, pedagogía do modelo ... etc debido á nosa obriga, por encima de todo, de minimizar riscos e preservar a saúde de toda a comunidade educativa.

Do mesmo xeito, algunhas das actividades complementarias e extraescolares propostas nesta programación, sobre todo as que requiran asistencia presencial, poderían anularse ou quedar pendentes de realización á espera da evolución epidemiolóxica.



Respecto á avaliación/cualificación para valorar a adquisición de competencias clave e a aprendizaxe dos contidos máis sobranceiros da presente materia, no caso de ensino non presencial, empregaranse distintos procedementos/instrumentos semellantes aos aplicados no 3º trimestre do curso anterior, obedecendo sempre a criterios obxectivos a través dos seguintes **procedementos de avaliación**:

- Asistencia ás clases por videoconferencia e actitude amosada nelas (interese, atención e participación, chamadas, uso de recursos e material axeitado, puntualidade na entrega e cumprimento das normas de asistencia ás clases virtuais... 1 punto.
- Realización do traballo diario: esforzo, empeño ou constancia do mesmo. 1 punto.
- Entrega puntual das tarefas e videos en prazo (o profesor da materia comunicará ao titor o retraso, que será estudado en cada caso), a calidade das mesmas, así como o cumprimento das indicacións dadas polo profesorado da materia respecto do seu contido, presentación, formato... 1 punto.
- No seu caso, a entrega de traballos en prazo (os retrasos tamén serán comunicados e estudados caso por caso) e o seu grao de cumprimento seguindo as pautas esixidas polo profesorado da materia (esixírase orixinalidade da autoría, polo que os traballos que resulten de “corta-pega” procedentes de calquera fonte quedarán con valoración nula). 1 punto.
- Resultado da elaboración de cuestionarios/probas realizadas como, por exemplo Kahoots. 1 punto.

A valoración proporcionada polos procedementos anteriores podería verse alterada no caso de poder realizar probas presenciais (que deberán ter a nota mínima de 4 puntos (sobre 10) para calcular a media aritmética e cuxo resultado será engadido ao das probas online. Podería ser que estas medidas excepcionais afectasen só a un trimestre, coma no curso anterior, cando se sumaron os puntos (de 0 a 2) á media dos dous primeiros trimestres en base a criterios similares aos expostos e acordados previamente polo claustro.



Instrumentos de avaliación: Co obxectivo de facilitar o proceso de aprendizaxe e afianzar a comprensión/expresión adecuando as circunstancias excepcionais que impiden a presencialidade do ensino, realizaranse actividades diversas en función dos bloques de contidos da programación (incluídas tarefas específicas de reforzo/repaso, orientadas á recuperación dos que o alumnado non fora adquirindo no seu momento, co obxectivo da adquisición de competencias clave e dos contidos máis sobranceiros).

A cualificación final na convocatoria ordinaria terá en conta:

1. A nota media das calificacións dos tres trimestres.
2. A nota media anterior poderá verse incrementada (de 0 a 2 puntos) dependendo das tarefas/traballo realizados no período de impartición non presencial.

Outros aspectos importantes a ter en conta á hora da práctica diaria e presencial na área de Educación Física:

## **2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO**

**A contorna:** as características do alumnado do centro en función dos aspectos socioculturais e económicos que rodean as súas familias pódense atopar no PE (Proxecto Educativo). Como aspecto a destacar cómpre dicir que son moitos os nenos e nenas que están a chegar ao centro nestes últimos cursos procedentes, sobre todo, de países sudamericanos e tamén de Marrocos. Isto deberá ser tido moi en conta, non só pola problemática que poida derivarse dunha maior ou menor dificultade na comunicación por problemas da lingua, senón, sobre todo, pola especial dificultade de adaptación ao grupo, ao pobo e á sociedade en xeral con que se van atopar estes novos alumnos/as. Desde a área de Educación Física podemos facer moito por axudarlles a unha mellor integración cos seus compañeiros da clase, a través de actividades onde imperen a cooperación, o traballo en equipo, o respecto, a confianza...





**O Centro:** No centro impártense os niveis de ensinanza de Educación Infantil (seis unidades na actualidade) e de Educación Primaria (consta de 2 liñas: total 12 cursos). Os mestres que imparten a área de Educación Física son: Pedro Antonio Fernández Couceiro (4º, 5º e 6º de Primaria; total: 6 clases) e Carina Señarís Pombo (1º, 2º, 3º curso de Primaria; total: 6 clases). Pedro A. Fernández completa horario coa titoría de 4ºA de Educación Primaria e Carina Señarís compléao coa docencia de CC da Natureza, CC Sociais e Valores en 1ºB, ademais da coordinación do Equipo TIC e os diferentes apoios na aula.

As instalacións coas que conta o centro para impartir a área de Educación Física son:

- Un pavillón polideportivo cuberto. Atópase dentro do recinto do colexio e a non moita distancia das aulas. É a única solución para os meses de frío e choiva, aínda que a friaxe que se encerra dentro del é un inconveniente importante para mestres e nenos/as, sobre todo nos días de fortes xeadas.
- Tamén dispoñemos dun ximnasio compartido coas clases de educación infantil, onde os nenos máis pequenos están máis recollidos do frío no inverno.
- Pistas ao aire libre: unha pista de fútbol, outra pista adaptada de baloncesto (sen as medidas regulamentarias), e unha zona de terra que non implica tanto riscos para as caídas e que se pode aproveitar para algún tipo de xogos: saltos, petanca, chave, carreiras de sacos...
- Zona de xogos tradicionais: raiola, mariola... pintados no cemento do piso.

Como se ve recollido no plan de adaptación ao **Covid**, do Ceip Campomaioir, as sesións da área de Educación Física serán levadas a cabo, sempre que non



choiva, preferentemente, ao aire libre ou co pavillón ben ventilado en todo momento cos portalóns abertos e portas.

**Recursos materiais do centro:** ver inventario de EF.

### **3. A EDUCACIÓN FÍSICA NA ETAPA DE PRIMARIA**

#### **3.1. OBXECTIVOS XERAIS**

Dende a área de Educación Física intentaremos traballar todos e cada un dos obxectivos da educación primaria. Estes son:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e



mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.



- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
  
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
  
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



### **3.2. BLOQUES DE CONTIDOS**

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

Bloque 1. Contidos comúns.

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.

Bloque 3. Habilidades motrices.

Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.



### 3.3. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE DE CADA UN DOS CURSOS

1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Aceptación da propia realidade corporal.</li> <li>• B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo.</li> <li>• B1.3. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</li> <li>• EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.</li> <li>• B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• k</li> <li>• l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>



1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• n	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</li> <li>• B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.</li> </ul>	<p>outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.</li> <li>• B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• k</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>



**1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"><li>• B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento.</li><li>• B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes.</li><li>• B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración.</li><li>• B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables.</li><li>• B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).</li><li>• B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia.</li><li>• B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.</li></ul>	<p>movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.</li><li>• EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adaptan ás características deses estímulos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CSC</li><li>• CAA</li><li>• CAA</li><li>• CSC</li><li>• CSIEE</li></ul>





1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES</b>				
• b • j • k	• B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos. • B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso	• B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	• EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.	• CSC • CCEC • CAA
			• EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.	• CSC • CCEE



1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	motora a través do manexo de obxectos. • B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos. • B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade. • B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade. • B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.			<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEE</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>



1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"><li>• k</li><li>• m</li><li>• o</li></ul>	<p>movemento con estruturas rítmicas sinxelas.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo.</li><li>• B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.</li><li>• B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.</li><li>• B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.</li></ul>		<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CCEC</li><li>• CSC</li><li>• CAA</li></ul>
			<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CCEC</li><li>• CAA</li><li>• CSC</li><li>• CSIEE</li></ul>

**BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**



1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.</li> <li>• B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.</li> <li>• B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.</li> <li>• B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.2. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.2.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>

**BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS**



1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Descubrimiento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.</li> <li>• B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.</li> <li>• B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.</li> <li>• B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• k</li> <li>• m</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.</li> <li>• B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.</li> <li>• B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>



<b>1º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"><li>• k</li><li>• l</li><li>• m</li><li>• o</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B6.8.Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CSC</li><li>• CAA</li></ul>
			<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CSC</li><li>• CAA</li></ul>



2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.</li> <li>• B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo.</li> <li>• B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>



2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>k</li> <li>l</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</li> <li>B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</li> <li>B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</li> <li>B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>





2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.</li> <li>B2.2. Conianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).</li> <li>B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.</li> <li>EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.</li> <li>EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>



**2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>distintas articulacións e segmentos corporais.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases.</li><li>• B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos.</li><li>• B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).</li><li>• B2.8. Afirmación da lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias.</li><li>• B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.</li></ul>		<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CAA</li><li>• CSC</li><li>• CSIEE</li></ul>



2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
<ul style="list-style-type: none"><li>• B</li><li>• j</li><li>• k</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais,</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CSC</li><li>• CCEC</li><li>• CAA</li></ul>



2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.</li> <li>• B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.</li> <li>• B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.</li> <li>• B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.</li> <li>• B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.</li> </ul>	<p>seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>



2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• k</li> <li>• m</li> <li>• o</li> </ul>	<p>movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.</li> <li>• B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.</li> <li>• B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.</li> <li>• B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</b>				



2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• a • b • k	• B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física. • B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa. • B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.	• B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	• EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	• CSIEE • CAA
			• EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.	• CSC • CSIEE • CAA
			• EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	• CSC • CAA • CSIEE
• k	• B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes. • B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.	• B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.	• EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	• CAA • CSC



2º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Descubrimiento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.</li> <li>• B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.</li> <li>• B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.</li> <li>• B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.</li> <li>B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.</li> </ul>	<p>reglas para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>k</li> <li>m</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.</li> <li>B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEE</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.</li> <li>B6.7. Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>



4º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• k</li> <li>• l</li> <li>• n</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.8 Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).</li> <li>• B6.9 Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).</li> <li>• B6.10 Coñecemento e coidado da contorno natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.4 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>

5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.</li> <li>• B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.</li> <li>• B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</li> <li>• B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> </ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	<p>de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>k</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</li> <li>B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</li> <li>B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</li> <li>B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</li> <li>B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</li> <li>B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>





5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• j</li> <li>• k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.</li> <li>• B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.</li> <li>• B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.</li> <li>• B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.</li> <li>• B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.</li> <li>• B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.</li> <li>• B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"><li>• k</li><li>• m</li><li>• o</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rosto, mirada e pescozo).</li><li>• B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.</li><li>• B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.</li></ul>		<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CCEC</li><li>• CSC</li><li>• CAA</li></ul>
			<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CCEC</li><li>• CAA</li><li>• CSC</li><li>• CSIEE</li></ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>j</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CMCT</li> </ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.</li> <li>B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> <li>CMCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CAA</li><li>• CMCCT</li><li>• CSC</li></ul>
			<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CAA</li><li>• CSIEE</li><li>• CSC</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• k</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.</li><li>• B5.6 Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CCL</li><li>• CAA</li><li>• CSC</li><li>• CMCCT</li></ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6..1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.</li> <li>• B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• k</li> <li>• m</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.</li> <li>• B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>



5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.</li> <li>• B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>





5º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"><li>o</li></ul>	<p>Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.</li><li>B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.</li></ul>	<p>identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>CSC</li><li>CAA</li></ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• k</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas</li> <li>• B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.</li> <li>• B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</li> <li>• B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	<p>de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>k</li> <li>l</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</li> <li>B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</li> <li>B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</li> <li>B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</li> <li>B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</li> <li>B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• j</li> <li>• k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.</li> <li>• B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.</li> <li>• B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.</li> <li>• B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.</li> <li>• B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.</li> <li>B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.</li> <li>B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEE</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"><li>• k</li><li>• m</li><li>• o</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rosto, mirada e pescozo).</li><li>• B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.</li><li>• B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.</li></ul>		<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CCEC</li><li>• CSC</li><li>• CAA</li></ul>
			<ul style="list-style-type: none"><li>• EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• CCEC</li><li>• CAA</li><li>• CSC</li><li>• CSIEE</li></ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>j</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas.</li> <li>B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>





6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).</li> <li>• B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CMCCT</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos.</li> <li>B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.</li> <li>B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</li> <li>EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>k</li> <li>m</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEE</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	diferentes modalidades con dificultade crecente. • B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.		• EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	• CCEC • CAA • CSC
			• EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	• CCEC • CAA • CSC
• a • b • k	• B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. • B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	• B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	• EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	• CMCCT • CSC • CAA
			• EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	• CMCCT • CAA • CSC
			• EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	• CMCCT • CAA • CSC
			• EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	• CMCCT • CCL • CSC • CAA



6º PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• k • l • n • o	• B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. • B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. • 6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.	• B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	• EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	• CSC • CAA
			• EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	• CSC • CAA



## 4. AVALIACIÓN

A avaliación será un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. Polo tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senon que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que estándares se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

### 4.1. FUNCÍONS DA AVALIACIÓN.

A avaliación cumprirá as seguintes funcións:

- **Diagnóstico:** información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, os alumnos e o mestre.
- **Pronóstico:** avance de expectativas sobre o que pode ocorrer, para previr e solucionar problemas.
- **Adaptación:** acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, coa finalidade de personalizar ao máximo o proceso educativo.
- **Orientación:** guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenrolo curricular.
- **Regulación:** Facilitación e armonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenrolo do currículo.
- **Control:** certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.



## 4.2. MOMENTOS AVALIATIVOS.

A avaliación será, segundo o momento no que sexa aplicada:

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co fin de axeitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van acadando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.
- **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao remate do currículo, na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; é dicir, avaliación do resultado.

## 4.3.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Con carácter xeral en todos os niveis utilizaremos os seguintes criterios:

- 80 % (estándares dos Bloques 2, 3, 4, 5 e 6).
- 20% (estándares do Bloque Común número 1).



#### **4.4.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Para avaliar os nosos alumnos e alumnas, utilizaremos diferentes instrumentos en función das unidades a avaliar. Estes instrumentos poden ser:

- Rúbricas: un dos instrumentos máis usados.
- Probas prácticas
- Corrección traballos
- Probas Test
- Listas de control
- Escala de valoración
- Rexistro anecdótico

### **5. METODOLOXÍA**

Tomando os bloques de contidos de Educación Física en Primaria, distribúense ao longo dos 6 cursos, tendo en conta o momento do curso e a progresión natural das aprendizaxes.

Sinalar que decidimos tratar o bloque de xogos e actividades deportivas, non como bloque independente, senon como eixe de toda fundamentación pedagóxica da programación. Deste xeito, o contido do bloque Xogos e actividades deportivas estará presente en todas e cada unha das sesións, pois queda demostrado que o xogo resulta motivante, atractivo e divertido para os nenos/as, ademais de ser unha forma de aprendizaxe natural nos alumnos/as; e non só de aprendizaxes motores, senon tamén sociais, cognitivos e afectivos. Do mesmo xeito, o contido do bloque Actividade física e Saúde estará implícito en todas as sesións, favorecendo a adquisición de hábitos saudábeis.





Por outra parte, unha intervención educativa axeitada fai necesario que o mestre determine as posibilidades motrices, perceptivas, expresivas... dos alumnos e alumnas para poder partir así do seu nivel de desenvolvemento. Para que a aprendizaxe sexa significativa cómpre seleccionar aprendizaxes que sexan claramente funcionais. Este requisito é imprescindible para a motivación, pois se as actividades non teñen un nivel de esixencia axeitado non resultarán atractivas para os alumnos/as, ben porque non supoñan un reto para eles ou ben porque as vexan imposibles de abordar.

En todo proceso de ensinanza-aprendizaxe a interacción cos outros será moi importante polo seu poder motivador, por favorecer valores como a cooperación, o respecto aos demais...

## 5.1. PRINCIPIOS

A **metodoloxía** aplicada nesta área terá en conta os seguintes **principios**:

- As sesións deben ser **flexibles**: as actividades axustaranse ao grupo clase, tendo en conta as características do alumnado e dos materiais. Non se farán distincións por razón de sexo ou condición física.
- As sesións deben ser **activas**: o alumnado é o protagonista da súa actividade física. As actividades non serán repetitivas e levarán ao alumno/a cara a consecución dos obxectivos propostos.
- As sesións serán **participativas**: Tentarase conseguir que todos os alumnos/as participen e se atopen a gusto coa actividade. Empregaranse materiais axeitados para o desenvolvemento dos aspectos a tratar.
- As sesións deben ser **lúdicas**. Partiremos do xogo e a través desta premisa iremos buscando a aprendizaxe concreta e máis técnica.



## 5.2. PAUTAS DE ACTUACIÓN

- Ao comezo de cada sesión, o mestre explicará detalladamente as actividades a realizar. Ao remate fará un breve resúmen das actividades realizadas e pedirá aos nenos/as as súas impresións sobre o traballo realizado.
- O alumno/a non se limitará a realizar os exercicios propostos polo mestre senon que será imprescindible que comprenda o por que e relacione eses exercicios cos seus coñecementos teóricos sobre o propio corpo, o seu funcionamento e as súas posibilidades.
- O mestre fará unha tarefa de dinamización e de información, axudando aos nenos/as a descubrir novas posibilidades de actividades físicas, garantindo sempre a seguridade física do alumnado.
- Nas sesións deberá haber interacción. Nas aprendizaxes motrices prodúcese a interacción do neno consigo mesmo, co entorno, cos compañeiros e co mestre. Potenciarase o traballo en equipo, nos que sempre que sexa posible estarán repartidos os alumnos do mesmo sexo (coeducación). Coa nova situación Covid, por seguridade, primaremos o traballo individual
- As actividades propostas suporán un reto e un esforzo axeitado ás capacidades propias de cada alumno/a. A función do mestre será orientar, suxestionar, estimular, aportar ideas e controlar o desenvolvemento das actividades físicas, tendo en conta que o neno/a é o principal protagonista da súa propia actividade motriz. Ademais, o traballo suporá un esforzo progresivamente maior, axeitándonos continuamente ao grao de desenvolvemento dos nosos alumnos/as.
- Conxuntamente ao desenvolvemento das capacidades motrices do alumnado, desde a área de Educación Física debemos ensinalle a coidar a súa hixiene, a ter unha alimentación sana e equilibrada, a



adoptar posturas corporais correctas e a adquirir bos hábitos deportivos.

- O espazo terá un papel importante na actividade motriz. O alumnado acostuma a identificar con esta actividade un espazo moi determinado. Na escola este espazo será o ximnasio, o patio ou o pavillón polideportivo. Tamén é importante levar a actividade motriz a outros espazos e lugares que, de cotío, non se identifiquen como específicos da área. O alumno/a deberá ter contacto coa natureza e aprender a respetala e a gozar dela, creando ao mesmo tempo hábitos de actividade física en lugares e medios diversos. Referíndonos á organización da clase, é importante evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera. Cando se plantexen actividades que requiran esforzos, teremos que distribuír convenientemente o tempo de recuperación variando o tipo de actividade. Por outro lado, debemos garantir o coidado das instalacións, do material así como o respecto polo medio ambiente. Utilizaremos o **material dentro do mesmo grupo estable de convivencia, e desinfectarémolo ao cambiar de grupo.**
- Haberá **instrución directa**, pero tentarase ir transformándoa noutra menos directivista ao longo do curso e sempre que a natureza da tarefa e o sentido común así o indiquen. Empregaremos sempre que sexa posible metodoloxías basadas en resolución de problemas e descubrimento guiado. O mando directo e asignación de tarefas, as sesións baseadas na ximnasia sueca, ... etc volven a cobrar importancia coas actividades que se realizarán nas sesións para adaptalas á situación Covid: distribución do alumnado de forma xeométrica e con distancia, actividades con soporte musical e con carácter individual, ximnasia correctiva ...etc Neste curso 2021/2022 empregaremos máis metodoloxías distintas ás do curso pasado debido aos cambios que se deron neste último protocolo Covid.
- Ventilaremos ben as instalacións usadas e sempre que sexa posible, faremos a práctica de EF ao aire libre.



- A máscara será de uso obrigatorio e habilitaremos unhas **zonas de respirar** onde se pode sacar a máscara en caso de falta de O<sub>2</sub>, sempre con distancia social.
- Débense traballar continuamente os temas transversais, especialmente a paz, a igualdade entre os sexos e, sobre todo, a saúde.

### 5.3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender convenientemente á diversidade de alumnos/as que nos atoparemos nas aulas, non debemos esquecer as características fisiolóxicas, morfofuncionais, de maduración... que podemos atoparnos. Logo de detectar nunha primeira exploración inicial as diferencias individuais, estas deberanse ter en conta no plantexamento das actividades.

Ao respecto desto teremos en conta as seguintes consideracións:

- As actividades serán na maioría das ocasións progresivas e con diferentes niveis de solución, de xeito que non obriguen ao alumno/a a afrontar riscos considerables.
- Partirán do global cara o específico, axeitando o criterio de diversidade ao de especialización.
- Terán posibilidade de adaptación para que poidan desenrolalas o maior número posible de alumnos/as sen que sexa necesaria a elaboración de Adaptacións Curriculares.
- Non deben supoñer plantexamentos discriminatorios, pretendéndose a integración de todos os alumnos/as nos distintos grupos, así como a participación en grupos mixtos.



Para determinar as necesidades educativas especiais máis aparentes dos alumnos/as, será recabada información das familias a través dunha nota que se lles entregará ao inicio do curso. Da información obtida desa notificación irase precisando a información que nos permita axear o programa ás necesidades de cada neno/a. Ademais das aportacións do titor/a e orientadora se foran necesarias.

Consideraranse ademais diversas estratexias de reforzo para aqueles alumnos/as que presenten maiores dificultades de comprensión, execución e aprendizaxe:

- Atención individualizada tanto na información inicial como no coñecemento da execución e os resultados.
- Maior utilización de reforzos positivos.
- Colaboración entre os compañeiros do propio grupo.
- Facilitación de tarefas por medio de axudas verbais e táctiles.
- Utilización de materiais adaptados.
- Colaboración de monitor, mestre de pedagogía terapéutica...

O obxectivo último será proporcionar a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén das súas limitacións, tratando sempre de que esa resposta se alonxe o menos posible das que son comúns para todos os alumnos/as.

Os alumnos/as con necesidades educativas especiais beneficiaranse dun tratamento individualizado a través das seguintes adaptacións:

- Cambios metodolóxicos.
- Prioridade nalgúns obxectivos e contidos.
- Modificacións no tempo de consecución dos obxectivos.
- Adaptación de materiais.
- Adecuacións nos criterios de avaliación en función das súas dificultades específicas.



Resumindo, tomaremos como principios básicos os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Construír aprendizaxes significativas en base a unha dificultade óptima das tarefas.
- Lograr unha aprendizaxe autónoma.
- Desenvolver e modificar as capacidades e os esquemas de coñecemento.
- Lograr unha actividade intensa e participativa protagonizada polos alumnos e alumnas.
- Empregar un sistema de traballo lúdico, principalmente por medio de actividades en forma de xogo.

En función de todo o anterior, levarase á práctica unha metodoloxía activa que combine as actividades dirixidas con aquelas que permitan a exploración por parte do alumno/a e que ao mesmo tempo faga que o papel do mestre se atope entre o “modelo a seguir” e a “axuda-guía” que permita a experimentación por parte do alumnado.

## **6. COMPETENCIAS CLAVE**

### **Competencia lingüística**

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**



Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.
- A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)
- Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

### **Competencia dixital.**

A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

- Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.
  - Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización d a internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...)
- e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.



## **Competencia aprender a aprender.**

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na

organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos

demais.

- O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.

- Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal. A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

## **Competencia social e cívica..**

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:





- Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.
- A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...
- Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

### **Competencia en conciencia e expresións culturais.**

A educación física achégase a esta competencia:

- Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.
- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.



- Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía.

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinabilidade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia. Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración. O desenvolvemento de xogos ou de



actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.

Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».

### **Competencia en iniciativa e espírito emprendedor.**

A educación xoga un importante papel á hora de fomentar o emprendemento, e a Educación Física en concreto permite ademáis a consecución deste obxectivo desde un punto de vista lúdico e atractivo para o alumnado. Nos últimos cursos da primaria, e sobre todo no sexto, iremos promovendo actividades de organización de xogos, competicións e deseño de normas para os mesmos e outras actividades que fomenten no alumnado este espírito emprendedor que perseguimos. Este obxectivo xeral concretarase nos seguintes obxectivos específicos:

- Desenvolver a autonomía e iniciativa dos alumnos.
- Promocionar a creatividade, a innovación e o respecto polo traballo deos demais.
- Promover o liderazgo, o traballo en equipo e a perseverancia e tenacidade no alumnado.
- Fomentar o traballo dinámico e a counicación.

## **7. ACTIVIDADES.**

### **7.1. DESEÑO DE SESIÓNS.**

Os contidos que se van traballar en cada unidade didáctica dos diferentes cursos, veranse reflexados a nivel práctico no deseño de sesións diarias para poñer en práctica cos nenos/as.

Estas sesións aparecerán desenroladas en fichas de clase que terán a seguinte estrutura:

<b>Unidade Didáctica nº.....:</b> .....	<b>Sesión número .....</b>
---	----------------------------



**Obxectivos:**

.....  
.....

**Materials:**

.....  
.

**Fase de animación:**

(xogos e actividades de quencemento)

**Fase principal:**

(xogos e actividades)

**Fase final ou de relaxación:**

(xogo, actividades, recollida de material, posta en común...)

**Observacións ou comentarios a ter en conta:**

Nestas fichas especificarase, como se pode observar na anterior ficha “tipo”, o número e título da unidade didáctica que estamos a traballar, o número da sesión correspondente a esa unidade didáctica, os materias a empregar, e logo as propias actividades estruturadas nas tres fases habituais: fase inicial ou de animación ou quencemento, fase principal e fase final de volta a calma ou relaxación.

Estas sesións iranse programando semanalmente polos mestres, tendo en conta as unidades didácticas xa mencionadas que traballaremos en cada curso.



Aínda así, eso non supón evidentemente, que non haxa esa flexibilidade tan desexable e necesaria en toda práctica educativa, incorporando novas actividades sobre a marcha en función de datas ou celebracións concretas ou simplemente en función da propia improvisación do momento ou das circunstancias sempre imprevisibles que tantas veces xurden na práctica docente.

Ademais de todo un amplo abano de referencias bibliográficas que iremos analizando e incorporando ao noso traballo diario, das actividades tan innovadoras que sempre descubrimos nos cursos de formación, da nosa propia inventiva e imaxinación... tomaremos como referencia base para o noso traballo diario os libros de texto da editorial Inde: "Programación de EF en Primaria"; un libro para cada un dos niveis de Educación Primaria que, baixo o noso parecer, están moi ben estruturados e pensados para a práctica diaria nas nosas clases de EF.

## **7.2. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS**

Os temas transversais son aspectos que poden ser tratados por todas as áreas e que forman parte do proxecto curricular dos centros. O tratamento é variado. Poden traballarse con actividades secuenciadas e previstas dentro do programa de cada área ou dentro do programa de actividades complementarias. Tamén poden ser tratados dentro do deseño curricular de cada área incidindo no traballo de textos, no traballo de materiais..., ou tamén poden ser tocados de forma mixta.

A Educación Física, xunto co resto das áreas, ten unha responsabilidade transversal que deriva dos seus obxectivos xerais e que debemos acometer na aula. Programar tendo en conta a transversalidade é, deste xeito, un feito de extraordinarias consecuencias e unha obriga de quen ten que educar.

**ELEMENTOS TRANSVERSALES**



- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia...)
- Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia
- Prevención do racismo e a xenofobia
- Desenvolvemento sostible e medio ambiente
- Riscos de explotación e abuso sexual.
- Situacións de risco derivadas da utilización das TIC
- Protección de urxencias e catástrofes
- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial.
- Educación e seguridade viaria.

Días especiais do ano nos que se poden facer actividades relacionadas cos temas transversais:

- Día mundial da alimentación
- Día escolar da non violencia e a paz
- Día da Constitución.
- Día mundial da saúde
- Día da Paz.
- Día da muller traballadora.
- Día das Letras Galegas...
- Día mundial do medio ambiente

## **8. TEMPORALIZACIÓN**

A temporalización dos contidos da área de Educación Física ven definida na seguinte tabla de Unidades Didácticas. Divídense os contidos en doce Unidades Didácticas e en tres trimestres naturais do curso escolar.



Así atopámonos con Unidades Didácticas que son unha progresión ao longo dos seis cursos, por exemplo: Expresión Corporal.

As Unidades son semellantes para os cursos de dous en dous, aínda que o traballo que se leva a cabo en cada un dos cursos é diferente, atendendo, lóxicamente, ao momento evolutivo dos alumnos/as. Así, por exemplo, no Primeiro Curso un neno traballaría o “coñecemento do propio corpo” e ao chegar ao segundo curso, volvería a traballalo nun grao máis intenso, o que facilitaría e potenciaría a aprendizaxe.

Tendo en conta a realidade do calendario escolar, da organización do centro e do propio alumnado, prepáranse Unidades concretas para comezar e terminar cada curso, adaptadas aos meses de setembro e xuño:

**“Empezamos o curso”**: co obxectivo de comezar o curso en setembro de forma lúdica, cooperativa e coñecendo os cambios que se poideran producir en persoas e materiais no centro, ou ao que se van enfrontar por primeira vez.

**“Actividades na natureza e no patio”**: co obxectivo fundamental de terminar o curso aproveitando o teórico bo tempo para as actividades exteriores, adaptándose á situación horaria e actividades propias do mes de xuño.

O resultado de todo o anteriormente exposto queda reflexado no cadro de temporalización de Unidades Didácticas que segue:

	Nº	6 CURSOS DE PRIMARIA E OS SEUS TRES TRIMESTRES NATURAIS					
		1º	2º	3º	4º	5º	6º
1º							



1º TRIMESTRE	I	“Empezamos o curso”	“Empezamos o curso”	“Empezamos o curso”
	II	“Aprendemos a coidarnos”	“Aprendemos a coidarnos”	“Condición física”
	III	“Coñecemos o noso corpo”	“Coñecemos o noso corpo e o espacio”	“Hixiene e saúde”
	IV	“Coñecemos e utilizamos o espacio”	“ Somos ximnastas”	“Deporte individual: Atletismo”
2º TRIMESTRE	V	“ Somos ximnastas”	“ O circo”	“Cordinacións”
	VI	“ O circo”	“Xogos de cooperación e cooperación-oposición”	“Deportes adaptados: balonmano (5º) – baloncesto (6º)”
	VII	“Xogos con raqueta”	“Iniciación deportiva”	“Deportes adaptados: fútbol (5º) – voleibol (6º)”
	VIII	“Xogos con material de refugallo”	“Acrosport”	“Novos deportes: bádminton”
3º TRIMESTRE	IX	“Xogos tradicionais”	““Xogos tradicionais e xogos do mundo”	“Deportes alternativos: indiana, ping-pong, tenis, béisbol, frisbee, floorball...”
	XI	“Patinando”	“Patinando”	“Expresión corporal: danzas e bailes”
	XII	“Actividades na natureza e patio”	“Actividades na natureza e patio”	“Actividades na natureza e patio”

## 9. NOTIFICACIÓNS INFORMATIVAS E DE RECOLLIDA DE DATOS.

Como xa quedou constatado con anterioridade, ao comezo do curso escolar enviaráselle unha notificación aos pais/nais do alumnado onde se lle informe sobre o material necesario para a clase de Educación Física e onde, ao mesmo





tempo, se recolla información importante a ter en conta para o propio deseño e posta práctica das actividades e deste xeito programar unha atención individualizada e específica con respecto a algún neno/a que poidera precisala.

O modelo desta **notificación** informativa e de recollida de datos sería o que segue:

*Como nos cursos anteriores os nenos/as deberán traer, para as clases de Educación Física, ademais de roupa e calzado deportivo (chándal e tenis, sempre cunha camiseta de manga curta por debaixo), un neceser cunha toalla pequena e xabón, para poder lavar e secar as mans axeitadamente cando rematen a actividade física e chegar con elas ben limpas de novo á aula.*

*Este tipo de material ten, por motivos de saúde e hixiene, tanta importancia coma o resto do material escolar que o alumno/a poida traer ao colexio (libros, cadernos...), polo que pregamos que poñan especial interese para que os seus fillos non o esquezan cando teñan clase de E.F.*

*Para coñecer calquera tipo de enfermidade, doenza, lesión... que o seu fillo ou filla poida padecer e que lle impida facer con normalidade actividades físicas e co gallo de evitar riscos innecesarios nos momentos en que as levan a cabo, o seguinte apartado debidamente cuberto, deberá ser entregado ao titor ou titora do seu fillo/a sexa cal sexa o caso no que se atopen.*

*En caso de que se de o segundo dos supostos, será necesario que se poñan en contacto co mestre o antes posible, para aclarar de que problemática concreta se trata e que medidas de precaución deberán adoptarse, achegando un certificado médico que constate o problema en cuestión e os coidados ou precaucións que implica.  
Os mestres de Educación Física*

---

D/Dna. ....

Pai/nai/titor do alumno.....

do curso ..... poño en coñecemento do mestre de Educación Física que o meu fillo/a

**Non padece ningunha doenza, lesión nin enfermidade importante que poida condicionar o normal desenvolvemento das actividades físicas.**

**Presenta algún tipo de problema que lle impide, ou pode impedirle ocasionalmente, levar a cabo con normalidade actividades físicas.**

Asinado

Ordes ..... de setembro de 20.....



## **10. NORMAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA SOBRE O USO DAS INSTALACIÓNS, VESTIARIOS, MATERIAL DEPORTIVO... E OUTRAS NORMAS DE CARÁCTER XERAL.**

A área de Educación Física posúe unhas especiais connotacións en canto o desenvolvemento da práctica que a fan diferente ao resto das áreas. Por eso, para un correcto funcionamento das clases, facilitaráselle ao alumnado unha serie de recomendacións que agardo incidan tamén nas costumes familiares con respecto á miña área. Estas normas descríbense a continuación:

- Nos desprazamentos polos corredores desde as aulas ao pavillón e tamén á volta deberemos gardar silencio para non molestar ao resto dos compañeiros que están nas aulas.
- Debemos respetar a todos os compañeiros. Faremos as actividades sen empurrar, golpear, zancadillear... a ninguén.
- Deixaremos sempre o material para a hixiene (toalla, xabón...) no lugar acordado e non xogaremos con el en ningún momento.
- Traballaremos todos xuntos, sendo máis importante a diversión que a competición.
- Cando o mestre explique as instrucións para as diferentes actividades ou faga os comentarios oportunos gardaremos silencio, do mesmo xeito que o faremos cando os compañeiros pregunten ou fagan calquera comentario sobre a clase.
- A clase de Educación Física faise de xeito habitual no pavillón polideportivo. Debemos coñecer os diferentes espazos que contén e as precaucións que debemos tomar diante de distintos elementos que poideran resultar perigosos no caso de actuar imprudentemente (verxas protectoras, porterías, portas de hockey, duchas...)
- Por cuestión de saúde, para participar no desenvolvemento das sesións cómpre asistir á clase con roupa cómoda e deportiva: camiseta, chándal, zapatillas de deporte... Cando o alumno/a non veña vestido como debería, o mestre pode apartalo da práctica física e atender a



súa ensinanza por medio de tarefas escritas, traballos de observación e axuda... xa que por motivos de saúde e hixiene, un calzado e roupa non axeitadas poden provocar graves problemas no alumno/a: rozaduras, torceduras, esbaróns, problemas na pel por mala transpiración da roupa de vestir... No caso de que as condutas de non traer roupa axeitada sexan reiteradas ou non xustificadas, será un criterio a ter en conta na avaliación, ao igual que se se tratara doutra asignatura na que o alumno/a non trae o material correspondente. Ademais resulta evidente que de ser así impediría un normal seguimento do currículo por parte do alumno/a.

- Recoméndase igualmente non levar pulseiras, aneis, cadenas... para evitar posibles danos a un mesmo e aos compañeiros/as.
- Coidaremos o material do colexio pois tamén é noso.
- Cando comecen as clases ninguén poderá ir ao servizo sen permiso do mestre ata 5 minutos antes de concluir as mesmas. Recoméndase aos nenos/as que empreguen ese tempo para o seu aseo personal (lavar e secar as mans, cambiar a camiseta sudada se queren traer unha de reposto...).
  
- Se algún alumno/a se atopa incapacitado temporalmente para a actividade física (enfermidade ou lesión), antes de comenzo a clase, deberá entregar ao mestre de Educación Física un xustificante asinado polo médico ou polo pai, nai ou titor/a. Este xustificante non exime ao alumno/a da clase, polo que deberá permanecer xunto aos seus compañeiros para colaborar co mestre ou para realizar as tarefas que este considere convenientes.
- Tendo en conta as especiais características do pavillón, sobre todo a friaxe no inverno e o traslado desde o colexio nos días de moita choiva, corresponderalle ao mestre de Educación Física decidir o contido das clases nalgúns días que considere oportuno non ir ao polideportivo, non sendo este un motivo xustificable por parte do alumnado para non traer o material habitual.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP Campomaior - Ordes

Rúa Campomaior s/n  
15680 ORDES (A CORUÑA)  
881880 886 ceip.campomaior@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior

- **Este curso 2021-2022 utilizaremos os vestiarios o mínimo posible e incidiremos no lavado de mans antes e despois da clase de EF.**

Nota: Con carácter xeral, aplicarase o disposto nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (normas de convivencia...).